



Galicia

GALICIA
LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

**LOITA
polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 665 Semana do 15 ao 21 de febreiro de 2016

O 22 DE FEBREIRO CONMEMÓRASE O DÍA INTERNACIONAL POLA IGUALDADE SALARIAL DE MULLERES E HOMES

AS GALEGAS COBRAN UN 23,4 POR CENTO MENOS QUE OS HOMES, MÁIS DE 5.000 EUROS MENOS AO ANO

Redacción.- Con motivo da conmemoración, o día 22 de febreiro, do Día internacional pola igualdade salarial de mulleres e homes, a secretaria de Igualdade, Xuventude e Movementsos sociais de UGT-Galicia, Mónica Rodríguez, presentou hoxe en Santiago un informe demoledor na súa análise e conclusións no que se observa que aínda se está moi lonxe de cumprir o principio de "igual retribución para traballos de igual valor ou equivalentes" e que nesta dicotomía segue a ser a muller traballadora a gran prexudicada.

No encontro cos medios de comunicación Mónica Rodríguez fixo unha análise minuciosa de varias estatísticas que inciden nesta lacra do mercado laboral que, ano tras ano, se ven denunciando dende UGT-Galicia pero que continúa e, nalgúns eidos, agudízase.

Así, segundo a Enquisa anual de salarios (do ano 2013, publicada en xuño de 2015), a brecha salarial entre homes e mulleres en Galicia é do 23,4 por cento, o que implica que, para unha muller, en termos salariais, o ano non remata o 31 de decembro, senón que para poder percibir o mesmo salario que un home, as mulleres terían que traballar 85 días máis que os homes ao ano, ata o 26 de marzo. Dende que comezou a crise, no ano 2008, esta porcentaxe incrementouse en 2,3 puntos.

Serán necesarios uns 70 anos para lograr a igualdade salarial

Se esta realidade se traslada a toda unha vida laboral, tomando como base 36 anos cotizados, suporía, 9 anos máis de traballo para unha muller para percibir as mesmas cantidades por traballo de igual valor. De feito, se continúa o ritmo actual na redución da brecha salarial, que é demasiado lento, habería que agardar uns 70 anos para lograr a igualdade, segundo a Declaración da Comisión Europea.

Afondando nesta realidade, as estatís-

ticas indican que a diferenza retributiva anual entre homes e mulleres en Galicia foi no 2013 de 5.264,34 euros, o que supón, en relación ao ano 2008, un incremento de 805 euros.

As mulleres galegas deixaron de percibir máis de 2.500 millóns de euros como consecuencia da brecha salarial

Que supón a brecha salarial traducida en euros?. Pois 2.505 millóns de euros. E isto deixando á marxe o que suporía en euros o traballo non retribuído das mulleres no eido familiar.

Se se dotara de valor económico ó emprego do tempo nas responsabilidades familiares e domésticas aumentaría a brecha salarial. Segundo a Enquisa de Emprego do Tempo 2009/2010 do INE, a porcentaxe de mulleres galegas que empregan tempo no coidado do fogar e da familia é do 94,1 por cento e destinan unha media de 4 horas e 31 minutos, mentres que no caso dos homes redúcese a pouco máis de dúas horas. Con estes datos pódese concluír que as mulleres galegas dedican de media 84 días máis ao ano que os homes ao fogar e á familia, que non son retribuídos, que pasan a ser 169 se se lle suman os derivados da brecha salarial. Se se ten en conta que o salario medio por hora traballada é de sete euros, as horas invertidas non remuneradas das mulleres galegas nun ano sería 6.910 millóns de euros.

Territorialmente, se se fai unha comparativa co resto das comunidades autónomas, as mulleres galegas tamén saen per-



dendo, xa que perciben un 11,6 por cento (2.256 euros menos ao ano) menos de salario anual que a media das mulleres do conxunto do Estado. De feito, Galicia é a cuarta comunidade autónoma onde o salario anual medio das mulleres é máis baixo.

Por hora traballada, as galegas son, tras a cántabras, as que menor retribución perciben

Para facer as comparativas, se se atende a unha variable non condicionada nin pola temporalidade nin pola contratación a tempo parcial, é dicir, a ganancia por hora normal traballada, as mulleres galegas saen perdendo con creces, xa que son as segundas de todo o Estado, só superadas polas cántabras, que menor retribución por hora perciben. Concretamente, 11,39 euros, fronte aos 13,21 euros de media no Estado. Este valor, no caso dos homes galegos é de 13,61 euros. Neste caso, a brecha salarial é de 16,3 puntos.

No eido da UE, a brecha salarial por hora normal traballada é tres puntos superior en España á media comunitaria. De feito, España é o país da UE coa brecha salarial en contratos a tempo parcial máis alta de toda Europa, cun 33,7 por cento. Cuestión que repercute dobremente nas mulle-



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

res, xa que o 24,3 por cento do total de mulleres traballadoras teñen un contrato a tempo parcial, fronte a 7,8 por cento dos homes, e do total dos contratos a tempo parcial un 72,21 por cento son desempeñados por mulleres.

Segundo os datos da Axencia Estatal da Administración Tributaria, no seu traballo "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias", publicado en novembro de 2015, en todas as ramas de actividade os salarios das mulleres son inferiores aos dos homes. Aínda así, as maiores diferenzas conséntanse na rama de "Servizos ás empresas". Un sector no que, ademais, son maioría as mulleres, o 55,6 por cento do total, pero perciben un salario un 32 por cento máis baixo que o dos homes.

As menores diferenzas danse na "Construción e actividades inmobiliarias" e "Servizos sociais", un 4,3 e un 16,8 por cento de brecha salarial, respectivamente. O que acontece no caso da construción ten unha explicación lóxica, o número de mulleres é escaso e está, sobre todo, en postos técnicos ou de xestión, normalmente mellor retribuídos. No caso dos servizos sociais porque nestes existe un gran peso de emprego público e, polo tanto, menor discriminación.

Precisamente, neste último aspecto, déctanse grandes diferenzas en materia de brecha salarial entre o sector público e o privado. No primeiro caso esta é do 12,6 por cento, fronte ao 29,8 por cento rexistrado nas empresas privadas.

Outro dato que arroxa a Enquisa anual de estrutura salarial (INE) é que canto maior sexa a temporalidade na contratación, menor é a brecha salarial. Así, a brecha no caso dos contratos indefinidos é do 24,8 por cento e nos contratos de duración determinada non supera o 13,7 por cento.

Os complementos salariais contribúen a incrementar as desigualdades entre homes e mulleres

Son moitas as variables que explican o diferencial salarial entre homes e mulleres pero un dos puntos

clave para entender esta realidade está nos complementos salariais. En Galicia, do total do salario bruto, no caso das mulleres o 72,67 por cento é salario base, fronte ao 67,88 por cento no caso dos homes. UGT-Galicia considera que actuando sobre estes podería reducirse en boa medida na desigualdade salarial entre homes e mulleres e máis tendo en conta que en moitas ocasións estes complementos non se basean en cuestións obxectivas cuantificables.

Tomando como barreira o Salario Mí-

nimo Interprofesional (SMI), o 36 por cento das mulleres teñen ingresos inferiores ou iguais ao SMI, fronte ao 26,7 por cento dos homes, segundo a AEAT no 2014. Se, pola contra, se fai unha análise dos salarios máis elevados, o 6,3 por cento dos homes tiveron salarios cinco veces superiores ao SMI, fronte ao 2,8 por cento das mulleres. Resulta moi significativo que, das 4.005 persoas que en Galicia cobran máis de 10 veces o SMI, tan só 607 son mulleres.

En todos os tramos de idades a ganancia media anual sempre é superior entre os homes.

Pero, que ocorre cando a muller non traballa, senón que é beneficiaria dunha prestación por desemprego?. Pois o mesmo, porque esta situación é un claro reflexo do que ten acontecido na súa vida laboral. As mulleres beneficiarias de prestación por desemprego son menos e a contía desta prestación tamén é inferior á dos homes, nun 18,2 por cento.

A crise económica está a amosar que os niveis insostibles de desemprego non se ven compensados por unha cobertura social axeitada e máis no caso das mulleres. De todo isto derívanse situacións de risco de exclusión social e vulnerabilidade moito máis acusadas que no caso dos homes. Aquí non se pode esquecer ás case 26.821 traballadoras do anterior réxime especial do fogar da Seguridade Social (agora integradas no réxime xeral como un sistema especial) que non teñen dereito a desemprego.

O mesmo sucede coas pensións. 402.629 mulleres pensionistas galegas viven cun importe medio de 583,22 euros. No caso das pensións de xubilación, estas son un 38 por cento inferiores ás dos homes. Mentres o importe medio no caso das mulleres é de 617,99 euros, no caso dos homes é de 997,18 euros.

Neste senso, outro dato moi significativo é que das persoas beneficiarias de pensións de xubilación non contributivas da Seguridade Social en Galicia un 78 por cento son mulleres. Isto evidencia que son moitas as mulleres que ao final da súa vida laboral teñen que acceder ao último recurso posible, as pensións non contributivas, cun importe medio en Galicia no 2014 de 354,46 euros.

As políticas de recortes incidiron aínda máis na brecha salarial

De toda esta análise dedúcese que son moitos os factores que inflúen na existencia da brecha salarial, persistencia de roles e estereotipos de xénero, problemas para levar a cabo a conciliación da vida persoal, laboral e familiar; as condicións laborais (xornada parcial, temporalidade); a segregación

ocupacional; ou a promoción ou a valoración dos postos de traballo. Isto evidencia que urxe aplicar medidas nos diferentes ámbitos, político, económico, laboral, educativo e social para poder combater a desigualdade salarial por razón de xénero.

Aínda que a brecha salarial é unha constante da realidade sociolaboral deste país, é evidente que as políticas de recortes e austeridade impostas polo Goberno do PP, así como, a reforma laboral de 2012, contribúen a agudizar esta lacra, coa baixada continua de salarios e inaplicación de convenios colectivos. Baixar os salarios provoca que os salarios máis baixos, percibidos maioritariamente por mulleres, sexan aínda máis baixos, agravándose así as diferenzas.

Tendo en conta que no período 2009-2013 a vida encareceuse nun 9,4 por cento e os salarios das mulleres só se incrementaron nun 3,8 por cento e os dos homes nun 6,7 por cento, as mulleres acumulan unha perda do 5,6 por cento de poder adquisitivo, fronte ao 2,7 por cento dos homes. Isto incide aínda máis na brecha salarial e en existan diferenzas no acceso aos bens que deberían ter garantidos todos de acordo coa Constitución, como a vivenda, que subiu seis veces máis que o salario das mulleres e tres que o dos homes; os custos de alimentación, medio punto por debaixo dos ingresos dos homes e 2,23 puntos por enriba dos das mulleres; ou o transporte, que subiu case tres veces o que subiron os salarios dos homes e cinco veces os das mulleres.

Para UGT-Galicia, a recuperación económica pasa polo recoñecemento do traballo das mulleres en termos económicos. Revélase como unha vía primordial de reactivación do consumo, aumentando a demanda, creando, polo tanto, emprego, e contribuíndo a eliminar a pobreza. Por isto, é necesario introducir, como eixo central de todas as políticas económicas, a igualdade sen distinción de sexo.

Para reducir a brecha salarial, a lexislación e a negociación colectiva configúranse como elementos esenciais. Por iso, UGT-Galicia aposta por unha Lei pola igualdade salarial, así como, pola aplicación de plans e estratexias de igualdade nas empresas e a loita contra os estereotipos existentes.

Á vista deste informe, UGT-Galicia insiste en reivindicar a igualdade entre mulleres e homes. O Sindicato ten claro que unha muller non é independente senón o é no eido económico. O cumprimento da premisa "igual salario por traballos de igual valor" non é só fundamental para a consecución da igualdade de oportunidades no mercado de traballo, senón que é básica para construír unha sociedade máis xusta.

UGT ORGANIZOU EN TODA GALICIA UNHA ROLDA DE RECOLLIDA DE FIRMAS PARA UNHA ILP CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL

Redacción.- Ao longo de toda esta semana as unións comarcais de UGT organizaron unha rolda de recollida de firmas para unha ILP contra a pobreza e a exclusión social.

Concretamente, tiveron lugar actos de recollida de firmas en A Coruña, Santiago, Ribeira, Lalín, Ferrol, Lugo, Lemos, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Estes actos enmárcanse nunha campaña máis ampla que se está a desenvolver en todo o Estado, impulsada por UGT e CCOO, e que ten como obxectivo recoller as sinaturas necesarias, 500.000, para desenvolver esta Iniciativa Legislativa Popular.

Reclámase unha prestación que debería ser a última malla de protección socio-laboral para as familias traballadoras deste país. Unha prestación que debe estar vinculada á Seguridade Social como unha prestación económica non contributiva dentro dun sistema de acceso universal para todas as persoas que reúnan os requisitos para obtela.

A crise que aínda afecta a este país foi e, aínda é, moi dura e longa, e está a deixar en situación de pobreza ou exclusión social a milleiros de persoas. Por iso, o Sindicato considera que é de Lei rescatar ás persoas e combater a desigualdade.

O fin da crise non chegou aínda e algúns parece que seguen apostando por un modelo de crecemento de desigualdade que comezou a agravarse xa coa imposi-



ción de recortes por parte do Goberno e coa Reforma Laboral que está a provocar que todo o emprego que se cree neste país sexa precario e un reparto espúreo do traballo, sumado isto á desvalorización salarial.

A crise actual puxo en evidencia que o sistema de protección social non era suficiente. Moitas persoas foron as que quedaron fóra. En todo o Estado atópanse en risco de pobreza ou exclusión social case trece millóns de persoas, máis de 670.000 en Galicia. Padecen pobreza extrema 127.000 galegos e, especialmente grave, é a taxa de pobreza infantil que xa se sitúa no 26,7 por cento, 2,1 millóns de nenos e ne-

nas.

Esta prestación axudaría a case 2,1 millóns de persoas en todo o Estado, preto de 90.000 en Galicia. Persoas que poden e queren traballar pero non poden facelo e ás que os actuais mecanismos de protección non dan resposta e carecen, polo tanto, de recursos para vivir.

Ademais, destes actos, de xeito permanente, todas as sedes de UGT en Galicia e as seccións sindicais de UGT nas empresas están habilitadas para a recollida de firmas e darlle información aos cidadáns sobre esta medida.

ABRIR O CONGRESO AO POBO ESPAÑOL É ALGO MOI COHERENTE COS ANHELOS DA SOCIEDADE ACTUAL

Redacción.- As comisións executivas confederais de UGT e CCOO reuníronse co presidente do Congreso, Patxi López, nunha iniciativa “sen precedentes, que é moi de agradecer, xa que é a primeira vez que a máxima autoridade do Congreso convidanos ao comezo do novo ciclo político para coñecer cales son as nosas inquietudes”.

Neste sentido, sinalou que “Patxi López trasladounos a súa vontade de abrir as portas do Congreso a todos os representantes da sociedade española, como unha dinámica habitual durante esta lexislatura. É importante abrir un tempo novo no Congreso, porque ata hai pouco había cercas na porta para os cidadáns deste país. Superar isto e abrir o Congreso ao pobo es-

pañol é moi coherente cos anhelos da sociedade actual”.

Cándido Méndez manifestou que as organizacións sindicais “trasladámoslle a necesidade de que se traxeran iniciativas urxentes aínda que non estea conformado o novo Goberno, como as relativas contra a exclusión e a pobreza ou a que está a favor do dereito constitucional de folga e de derrogar o art. 315.3 do Código penal. Débense poñer en marcha canto antes porque son temas ineludibles”.



Ademais, “comentamos que hai leis importantes nas que se debería deixar ás organizacións empresariais e sindicais poder expresar a nosa opinión nas comparecencias da Cámara, como é o caso da Lei de Orzamentos Xerais do Estado”.

UGT DEMANDA Á INSPECCIÓN DE TRABALLO QUE ACTÚE ANTE UNHA OFERTA VEXATORIA E DISCRIMINATORIA DUN BAR DE ORDES

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores ven de remitir unha carta ao director xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social, José Ignacio Sancristán Enciso, para denunciar a publicación na web Milanuncios.com dunha oferta de emprego de camareira para un bar situado na localidade de Ordes, na que, entre outros requisitos, esíxese á candidata que sexa "responsable, guapa e un pouco puta".

O Sindicato lembra que "en virtude do artigo 4, apartado 2c do ET, os traballadores teñen dereito a non ser discriminados directa ou indirectamente para o emprego, ou unha vez empregados, por, entre outras razóns, de sexo, estado civil, idade dentro dos límites marcados por esta lei, orixe racial ou étnica, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas ou orientación sexual".

Para UGT, resulta obvio o carácter ilícito deste anuncio, por atentar contra

Cocineros y camareros (LA_CORUNA) r181880327 14 horas
CAMARERA. GALICIA. SANTIAGO. ORDES
Se necesita camarera pasra bar de pueblo a una hora DE SANTIAGO Y A 15 MINUTS DE ARZUA Y ORDENES. imprescindible chica trabajadora **responsable guapa y un poco puta**, con un trato agradable con los clientes. incorporacion inmediata y contrato fijo. sueldo 1500eur. Opcion de alojamiento si eres de lejos

a dignidade da persoa e vulnerar os valores e dereitos recoñecidos na Constitución. Neste sentido, o Sindicato considera que se presenta á candidata de maneira vexatoria ou discriminatoria, utilizando particular e directamente o seu corpo ou partes do mesmo como mero obxectivo desvinculado do produto que se pretende promocionar.

Por iso, UGT manifesta que este acto empresarial podería subsumirse na regulación contida no apartado 12

do artigo 8 da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, polo que solicita que leven a cabo as actuacións oportunas por parte da Inspección de Traballo respecto deste asunto e manifesta nesta carta que é preciso garantir o respecto aos principios constitucionais de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e non discriminación, garantíndose a plena transparencia no funcionamento dos mesmos, para o que é imprescindible unha estrita vixilancia do cumprimento da nosa normativa.

A SENTENZA DE ABSOLUCIÓN AOS 8 DE AIRBUS, UNHA VITORIA DO SINDICALISMO ESPAÑOL

Hai que derogar o artigo 315.3 do Código penal e revisar todas e cada unha das condenas firmes

Redacción.- "É necesario e non se pode demorar máis a derogación do artigo 315.3 do Código penal e que esa derogación prevea a revisión de todas e cada unha das condenas firmes que houbo para que ninguén neste país sufra nin prisión polo exercicio dun dereito fundamental como o de folga e que ninguén teña antecedentes penais, como está a pasar".

O secretario de Acción Sindical de UGT, Toni Ferrer, realizou estas declaracións nunha rolda de prensa para facer unha primeira valoración da sentenza pola que quedaron absoltos os oito traballadores de Airbus acusados de impedir a entrada dos traballadores á factoría durante a folga xeral do 29 de setembro de 2010, dun delito de atentado e catro de lesións, onde quixo sinalar que "isto é un paso adiante, pero seguiremos esixindo que non haxa nin unha soa persoa procesada por exercer o dereito de folga".

Ferrer quixo facer un recoñecemento a estes traballadores "polo que sufriron du-

rante este período por mor dunha acusación claramente inxusta e pola súa resistencia e o seu compromiso porque, en moitos momentos, as ofertas que fixo a Fiscalía podían tentarlles para abandonar unha defensa que ía máis aló do individual: a defensa do dereito á liberdade sindical e o dereito de folga".

"É un día de triunfo e de alegría do movemento sindical internacional e nacional porque estamos ante unha situación na que se pretende criminalizar o dereito a folga e coa sentenza, aínda que quedan pendentes outros procesos, restablécense parte das liberdades perdidas".

Toda Europa estaba pendente desta sentenza

José Alcázar, un dos procesados, subliñou durante a súa intervención na rolda de prensa que "hoxe foi un día para a historia" pero "non nos podemos contentar con esta sentenza, hai que ir máis aló: Non é unha caso dos 8 de Airbus, é un caso dos 300 sindicalistas procesados, un caso da clase traballadora".



O TSXG RATIFICA QUE A FOLGA NO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO EN LUGO FOI LEGAL

Redacción.- O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ven de desestimar o recurso de suplicación interposto pola empresa Urbaser no que se insistía no carácter abusivo e ilegal da folga convocada no servizo de limpeza e recollida de lixo en Lugo.

Así, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ratifica a sentenza xa ditada polo xulgado do social número 3 de Lugo na que se deixaba clara a legalidade da devandita folga, convocada polo Comité de folga o 26 de maio de 2014.

A sentenza considera que os traballadores exerceron, en todo momento, o seu dereito constitucional á folga como medida de presión para

reivindicar os seus dereitos.

Dende FES-Lugo apúntase que os traballadores de Urbaser foron vítimas dun ataque por exercer un dereito fundamental como é o de ir á folga, como medida de presión para reivindicar os seus dereitos e, en ningún momento, propiciaron danos graves nin desproporcionados.

FES-Lugo incide en que, aínda que as resolucións xudiciais veñen dándolle a razón aos traballadores en todas as instancias, o



Sindicato entende que esta non é a vía máis positiva de entendemento entre a parte social e a empresarial.

UGT-Galicia participa na xornada de APD e Norprevención con motivo do 20 aniversario da Lei de Prevención

Redacción.- UGT-Galicia ven de participar na celebración da xornada, organizada pola Asociación para o Progreso da Dirección e Norprevención, con motivo da conmemoración dos 20 anos de Lei de prevención de riscos laborais. Concretamente, UGT-Galicia interveu na mesa sobre “O papel das mutuas na prevención de riscos laborais, pasado, presente e futuro”, xunto a representantes da CEG e Mutua Galega.

A intervención de UGT-Galicia puxo de manifesto que o papel das mutuas variou moito dende a entrada en vigor da LPRL, pasando dun papel de impulsoras da actividade preventiva respecto das súas empresas asociadas, ata ser obrigadas finalmente a vender as súas sociedades de prevención. Doutra banda sinalouse que as características especiais das Mutuas como entidades privadas sen ánimo de lucro xestionando



fondos públicos sempre xerou controversia, máis aínda dende a entrada en vigor da Lei de Mutuas. Neste punto, sinalouse o noso rexeitamento á regulación da xestión da prestación económica por Incapacidade Temporal derivada de continxencias comúns, así como a imposibilidade da participación dos traballadores e os seus representantes na elección da Mutua, xunto a deficiente regulación da participación sindical nos órganos de dirección, control e seguimento, entre outras cuestións.

UGT gaña as eleccións en Covirán, en Santiago

Redacción.- UGT ven de gañar as eleccións sindicais en Covirán, en Santiago de Compostela, obtendo a totalidade dos delegados que se elixían, tres. Anteriormente neste centro de traballo a representación era, na súa totalidade, para a CIG.

Aínda que este proceso non se desenvolveu do mellor xeito posible, xa que aínda está enriba da mesa o despedimento dun dos delegados elixidos. Situación que SMC-UGT agarda que se corrixa xa porque as presións por parte da empresa foron evidentes dende o comezo do proceso.

A pesar de todo isto, o Sindicato agradece o respaldo amosado polos traballadores e a confianza na xestión de cara aos vindeiros catro anos.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtgalicia.org>